

TALASO ATLÁNTICO - Historial resumido

(actualizado a 07 de xuño de 2013)

Subvencións indebidas, indemnización improcedente por causa do *Prestige* e fraude ao Concello de Oia

- *Balneario del Atlántico, S.L.* recibiu 3.826.632,00 € en subvencións (CEDER, IGAPE, Consellería de Cultura e Turismo) entre 1993 e 1999 para construír o *Talaso Atlántico* en Oia.
- A empresa recibiu unha indemnización de 720.000 € polos danos do *Prestige* antes de comezar a súa actividade (o naufraxio foi o 2002.11.13 e o Talaso abriu en abril de 2003).
- A empresa defraudou 165.000 € ao concello de Oia en taxas ao infradeclarar o coste das obras: 11.600.000 € declarados ante a Xunta transformáronse en 3.900.000 € ante o Concello.

Ilegalidades urbanísticas

O propio Talaso

- O Talaso, complexo de 10.000 m², foi construído en solo rústico non urbanizable.
- O Talaso foi construído baixo unha ordenanza municipal ficticia que nunca entrou en vigor.
- O Talaso foi construído sen a preceptiva autorización da Comisión de Urbanismo da XG.
- O Talaso construído excede en edificabilidade, ocupación en planta, nº de plantas e altura máxima os límites da inexistente ordenanza baixo a que foron outorgadas as licenzas.
- A ilegalidade do Talaso foi denunciada por un particular (nº 1-EPAC) ante a XG (2003).
- A Xunta de Galicia iniciou procedemento de reposición da legalidade urbanística (2005).
- A Xunta de Galicia solicitou do Concello de Oia a revisión de oficio das licenzas (2005).
- O Concello de Oia desestimou presuntamente a solicitude da XG por silencio administrativo.
- A XG interpuxo recurso contencioso administrativo, demandando a anulación da desestimación presunta do Concello de Oia e a anulación das licenzas outorgadas (2006).
- O Xulgado do CA nº 3 de Pontevedra estimou parcialmente o recurso, anulando a desestimación, pero non anulou as licenzas (2007).
- A XG interpuxo recurso de apelación, demandando a anulación das licenzas (2007).
- O TSXG anulou con sentenza firme as licenzas de construción (2009).
- O Xulgado CA nº 3 de Pontevedra instou a execución da sentenza (2010), que inclúe o derribo.
- *Balneario del Atlántico, S.L.* e o concello de Oia presentaron un incidente de execución ante o xulgado, argumentando a legalizabilidade das obras e opoñéndose ao derribo.
- O Xulgado CA nº 3 de Pontevedra dictou un auto (dec 2012) no que dispón a execución forzosa da sentenza, que leva consigo o derribo, no prazo dun ano.
- O Talaso sigue aí.

A caseta de bombas

- *Balneario del Atlántico, S.L.* construíu unha caseta de bombas en Dominio Público Marítimo Terrestre, en contra do declarado no plano do proxecto.
- A Dirección Xeral de Costas requeriu a retirada inmediata da caseta (2003.03.19).
- Este feito foi repetidamente denunciado (última denuncia: finais de 2012).
- Os Técnicos de Costas de Pontevedra emiten informe que confirma esta irregularidade, e a Xefatura de Costas de Pontevedra anuncia a apertura dun expediente de caducidade da concesión para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre (xuño de 2013).
- A caseta sigue aí.

A cuberta do restaurante

- 2 anos despois da anulación das licenzas do Talaso, *Balneario del Atlántico, S.L.* construiu unha cuberta na terraza do restaurante sen licenza de obra (2011).
- A obra da cuberta foi denunciada administrativamente por un particular (nº 2 - MNNI) ante o Concello de Oia e ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (2011).
- A cuberta sigue aí.

Contaminación continua por verquido de augas residuais non depuradas na ribeira do mar

- O Talaso verque as súas augas fecais sen depurar ao mar.
- O verquido non se realiza mediante o emisario necesario para alcanzar o punto autorizado, mar adentro. A saída está situada no intermareal, entre rochas, 419 m ao SE do punto autorizado, e queda ao descuberto coa marea baixa.
- A analítica realizada mostra un contido de 72×10^6 unidades formadoras de colonias de coliformes fecais por 100 ml, cando o máximo autorizado é de 100 unidades por 100 mililitros, nivel que o verquido multiplica por 720.000.
- A analítica realizada mostra unha DQO de 3.035 mg/l, cando o máximo autorizado é de 160 mg/l, nivel que o verquido multiplica por 19.
- A toma de auga de mar non se realiza mediante un colector mar adentro, senón mediante un pozo situado no intermareal, 183 m ao ESE da saída do verquido da depuradora.
- En consecuencia, o Talaso está contaminando o mar con augas fecais (é irónico que **talaso** signifique **mar** en grego), e o foco de contaminación está situado no intermareal, 183 m ao WNW da toma de auga de mar para talasoterapia e para a piscina.
- O verquido contaminante provocou a inutilización dun banco marisqueiro na zona.
- Un particular (nº 1-EPAC) denunciou o verquido perante o Xulgado de Tui (2011).
- O mesmo informe dos Técnicos de Costas que denuncia a ocupación irregular do dominio público marítimo terrestre confirma estas irregularidades, polo que o expediente de caducidade de concesión aberto pola Xefatura de Costas abrangue tamén a toma de auga de mar e o verquido de augas residuais (xuño de 2013).
- O Talaso segue verquendo augas fecais sen depurar na ribeira do mar.

Denuncias administrativas e solicitude de devolución das subvencións percibidas

- En 2011 e 2012 dous particulares (nº 1-EPAC e nº 3-JMLP) presentaron varias denuncias administrativas das ilegalidades do Talaso ante o IGAPE, ante a Consellería de Cultura e Turismo e ante o Ministerio de Economía e Facenda, para solicitar que estes organismos adopten as medidas legais necesarias para que Balneario del Atlántico devolva as subvencións percibidas.
- Un dos particulares (nº 3-JMLP) presentou unha advertencia ao IGAPE en 2012 debido á inacción deste organismo ante unha denuncia de 2011.
- As denuncias administrativas non tiveron resposta ata hoxe.

Oposición da empresa, dos alcaldes da zona e das organizacións empresariais á execución da sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

- Os Alcaldes de Oia (Alexandre Rodríguez), Baiona e A Guarda, o presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra (Xosé Manoel Fernández Alvariño) e varias organizacións empresariais apoian ao responsable do Talaso Atlántico, Xesús Pérez Xil, e opóñense públicamente a execución da sentenza firme do TSXG que anula as licenzas do complexo, o que implica o seu derrubo (xuño de 2013).